

# BASES XV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN BARRO: **UNHA BOA NOVA NO NADAL**

O Concello de Barro a través da Oficina de Información Xuvenil vén a convocar o "XV Concurso de Postais de Nadal".

A este concurso poderán concorrer **as persoas empadroadas no Concello de Barro**.

As postais enviadas terán un **tamaño de 21 x 4,50 cm** (é o tamaño de medio folio DIN-A4), podendo ser en branco e negro ou en cor.

Cada concursante poderá presentar como **máximo dúas postais**.

**Tema** estará relacionado con: **unha boa nova no Nadal**

**Presentaranse** na Oficina de Información Xuvenil deste Concello, sita na Biblioteca Pública Municipal, antes das 14 horas do día **15 de decembro** de 2015, indicando na parte posterior da postal a categoría e os datos do concursante: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo completo e teléfono.

Tódalas postais admitidas serán expostas no Pazo da Crega durante os fins de semana do 26 e 27, 2 e 3 de decembro e o día da Cabalgata de Reis posteriormente trasladarémola á Biblioteca Pública Municipal de Barro, **fallándose o concurso o día 16 de decembro** outorgándose o premio o día da Cabalgata de Reis.

**Categorías** serán:

- 1.<sup>a</sup> categoría Infantil
- 2.<sup>a</sup> categoría 1.<sup>o</sup> ciclo de primaria
- 3.<sup>a</sup> categoría 2.<sup>o</sup> ciclo de primaria
- 4.<sup>a</sup> categoría 3.<sup>o</sup> ciclo de primaria
- 5.<sup>a</sup> categoría 1.<sup>o</sup> ciclo de secundaria
- 6.<sup>a</sup> categoría 2.<sup>o</sup> ciclo de secundaria
- 7.<sup>a</sup> categoría Adultos

A postal gañadora por cada categoría obterá un **premio**, excepto os pertencentes á categoría infantil onde todos levarán un pequeno agasallo.

O premio poderá quedar deserto a criterio do Xurado, que adoptará as resolucións por maioría.

O **Xurado** estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

\*D. Roberto Rivas Reboredo ou persoa na que delegue.

Vocais:

\*Dna. Claudia Favorecido Domínguez . Profesora de 3<sup>o</sup> ciclo do C.E.I.P. "Amor

# BASES XV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN BARRO: UNHA BOA NOVA NO NADAL

Ruibal" de Barro.

\* Dna. Blanca María Lago Suárez Coordinadora de actividades complementarias y extraescolares. C.E.I.P "Amor Ruibal" de Barro.

\* Dna. Consuelo Vázquez Tur. Directora do I.E.S. de Barro.

\* Dna. M<sup>a</sup> Teresa Regueira Rodríguez Profesora de Educación Plástica do IES de Barro.

\*Secretaria: Dna. Pilar Álvarez García, Informadora Xuvenil.

A participación no Concurso leva a cesión a favor do Concello de Barro ou das entidades colaboradoras dos dereitos de reprodución e distribución, sobre as obras e a exposición dos seus traballos. Así mesmo poderán aparecer tanto nas publicacións editadas polo Concello de Barro ou entidades colaboradoras como na [Web www.barro.es](http://www.barro.es), e en **tódolos soportes ou medios dixitais** sempre citando a procedencia e autor.

As decisións do Xurado serán inapelables, sendo da súa competencia a adopción das decisións que coide oportunas, naquelas circunstancias non contempladas nas presentes Bases.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra destas Bases e das decisións do Xurado.

Barro, 06 de novembro de 2015  
O Alcade



Asdo.: Xosé Manuel Fernández Abraides.